sumario

o noso barrio / editorial 2

educación infantil 3/4

As nenas e nenos que ingresan no Colexio, aprenden a a convivir con outros nenos da súa mesma idade e con adultos diferentes aos seus pais.

SUXESTIÓNS para nais e pais.....

PEDAGOXÍA E PSICOLOXÍA
O esquema corporal.....

audición e linguaxe 5/6

ORIENTACIÓNS
Para estimular a
LINGUAXE ORAL.

Cristina Yañez Calviño.
Mestra Audición e Linguaxe

CONSELLOS LOGOPÉDICOS.....

valoración do centro 6

Resultado do estudo realizado pola USC relativo á Valoración e desenvolvemento da excelencia dos centros docentes.....

educación física 7

CORPO, MENTE,
OU ALGO MÁIS.

Ignacio López Presedo.
Mestre Educación Física

o recanto do lector 8

CAMBIOS NA NORMATIVA LINGÜÍSTICA (I)

o recanto do escritor 9

un ensino público... de calidade 10/11

orientación educativa 12

OS PROBLEMAS
DO ESTUDANTE

María Vilar Armas
Mestra Orientadora

actividades complementarias 13/16

O MAGOSTO.....

a A.N.P.A informa 17

pasatempos en familia 18

calendario escolar 19

editorial

Antonio Fernández Regos
Director do CEIP Pio XII

O noso Colexio é un centro vivo no que diariamente conviven perto de 715 persoas, pero estas non veñen soas, senón que traen nas súas mochilas, carpetas, estoxos..., as ilusións, expectativas, preocupacións e os desexos das familias que queren o mellor para os seus fillos e fillas. Isto converte a todos os profesionais que traballamos con eles en depositarios dunha responsabilidade que temos que aceptar con sensatez, prudencia e comprensión, sabendo que o noso traballo é o producto dunha tarefa en equipo para a consecución dun proxecto común.

Sabemos que o Colexio precisa da presencia activa dos representantes dos diferentes sectores: pais, mestres, persoal de servicios, Concello e Consellería de Educación, para que entre todos podamos decidir o que desexamos que sexa o noso Centro. Entre todos temos que conseguir que a educación sexa unha actividade compartida, e un compromiso de todos en liberdade, igualdade, xustiza e pluralismo, que son valores que teñen que ser ensinados, xa que son capaces de axudarnos a construír unha sociedade mellor.

O noso obxectivo principal é o desenvolvemento da personalidade donoso alumnado en tódos os seus aspectos: intelectuais, afectivos, sociais, físicos e morais, así como tamén desenvolver a capacidade creativa, os hábitos intelectuais, as técnicas de traballo, e aportar os coñecementos científicos, históricos necesarios-

Tamén é a nosa función educalos na defensa e respecto polo medio ambiente favorecendo o clima de convivencia, respecto e comunicación entre todos os sectores da comunidade educativa; fomentando a normalización lingüística e a integración educativa dos alumnos con necesidades educativas especiais, consolidando os hábitos de comportamento democrático, solidariedade, respecto ós demais, cooperación, diálogo, traballo en equipa, igualdade e non discriminación.
Eis os nosos retos.

O NOSA ZONA EDUCATIVA

O Carme de Abaixo e San Lourenzo

Arriba. Foto realizada en 1910. Na parte superior dereita apreciase o lugar no que actualmente está o noso Colexio.. Abaixo. Distintas imaxes do barrio tomadas en 1910(1)(2) e 1940 (3) a última

1

2

3

Colabora con Banzo aportando imaxes históricas da nosa zona.

Adicaremos esta sección ao coñecemento da zona na que está ubicado o noso centro.A través de fotografías recientes ou antigas daremos a coñecer as imaxes máis significativas da nosa zona de influencia que é a comprendida entre as seguintes rúas: Avda Mestre Mateo, Santiago del Estero, República do Salvador, Dr. Teixeiro, Senra, Rodrígo de Padrón, As Hortas, As Oblatas, Rueiro de Figueiras, Corredoira dos Muiños, Carballeira de San Lourenzo e Ponte de San Domingos.

Neste número amosamos tres imaxes de primeiros de século pasado nas que aparece a zona máis próxima ao noso centro.